

OS OÍDOS DO PIANO

A miña paixón sempre foi a música, ao tocar o piano a miña mente evadíase de todo o que puidera pasar ao redor miña, e cando me preguntaban a que me quería dedicar cando fose maior, eu sempre respondía que quería ser pianista antes as caras abraiadas da xente.

Un xoves como outro calquera, dando un paseo co meu can Chopin, comezou a xurdir un fume escuro acompañado dun cheirume similar ao dunha cacharela, e foi entón cando escoitei un estalido, a continuación un asubío enxordecedor comezou a penetrar os meus oídos dun xeito inaguantable.

Ao abrir os ollos, todo o que había ó meu redor cambiara de forma e de cor, acababa de espertar no hospital, e comigo tamén espertou aquela dor que sufrira antes de desmaiarme canda a explosión.

Ao chegar os meus pais e doutores, a dor foi diminuindo pero non era capaz de escoitar nada do que me estaban a dicir, nese momento o pánico empezou a apoderarse de min e as bágoas a xurdir dos meus ollos. Pasadas unhas horas, recuperei un pouco a audición pero seguía sen comprender algunhas cousas das que falaban. O doutor escribiu-me nun anaco de papel que debido ás consecuencias que provocara a explosión no meu oído, perdera a maior parte do sentido auditivo aínda que podería poñerme audífonos para escoitar un chisco mellor.

Cando por fin me deron a alta, despois de facerme miles de probas, o primeiro que fixen ao chegar á miña casa foi visitar a Chopin, que por sorte estaba ben, e acto seguido, coloquei as miñas mans sobre o piano. A peza que estaba a escoitar sabía de memoria pero non a dei escoitado ben.

Pasei unha semana chorando ata que me acordei de Beethoven, un gran pianista que co pasar dos últimos anos sufriu problemas auditivos pero seguiu tocando ata que a súa incapacidade foi total. Nese momento a miña mente despexouse e comecei a ver a miña situación dende outro

punto de vista totalmente diferente. Necesitaba poñer audífonos para escoitar mellor, pero malia todo iso, aínda podía escoitar algo, e con iso bastábame.

Uns días mais tarde tiña por fin os meus audífonos comigo e por fin podería volver á miña rutina de todos os días que tantas veces aborrecera.

Tocar o piano custábame moito máis, e necesitaba moita concentración para encaixar os sons na miña mente, pero mirando o vaso medio cheo, se non me gustaba algunha clase o único que tiña que facer era baixarlle o volume aos meus compañeiros de oídos.

Cada vez ía avanzando máis nos meus estudos e na miña música, estaba orgullosa dos meus resultados e chegado o momento de elixir carreira, sen pensalo dúas veces, decidín facer o grao superior de piano. Pasei as probas necesarias a uns meses máis tarde xa cambiara a miña residencia a Vigo, onde estaba a escola de música. Foi un cambio un tanto difícil, xa que vivira toda a vida cos meus pais e non estaba acostuada a compaxinar a vida académica coas tarefas da casa.

A vida universitaria era moi divertida, aínda que non podía acudir a moitas festas polos meus problemas auditivos. Estudaba todos os días, e os profesores felicitábanme pola forza que tivera ao asumir os meus problemas dunha forma tan positiva e por non renderme para conseguir o meu soño.

Cando acabei a carreira comecei a preparar as oposicións para ser profesora no conservatorio, e tras intentalo conseguín a praza sen trabas nin complicacións. Despois duns anos traballando como profesora deime conta de que o que realmente me facía a persoa máis feliz do mundo era tocar cara o público, polo que deixei o meu posto no conservatorio e comecei a traballar pola miña conta.

Actualmente non me falta traballo, cada vez téñome que desprazar ata máis lonxe para tocar nos meus concertos e a parte da distancia tamén aumenta a xente que acode a eles.

Ao chegar á miña casa o mundo fáiseme pequeno e póiome a pensar no longo camiño que me levou ata onde estou e ata a persoa na que me convertín. Os meus oídos xa non supoñen un problema, aínda que non sexan perfectos son parte de min e da miña historia, por iso me gustan. Ao éxito non lle importan os defectos de cada un, impórtanlle máis as ganas que teñas de conseguilo.

Nome e apelidos: Saleta Lueiro Pereira

Idade: 14 anos

IES Manuel García Barros, 3ºESO